

A nosa ref: T/23

Asunto: Bases da convocatoria de concurso para a creación dunha relación de docentes para a impartición de cursos de Informática e Comunicaci3ns.

Expediente: 2021/G003/001288

## RESOLUCI3N DA CONCELEIRA DELEGADA DA REA DE ECONOMA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

Visto o informe emitido o 30 de xunio de 2021 pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local co visto bo do Concelleiro delegado da rea de Desenvolvemento Socioecon3mico, polo que se solicita a creaci3n de listaxes de docentes de formaci3n ocupacional para a impartici3n de cursos de Informtica e Comunicaci3ns.

Vista a providencia desta Concellera do 23 de xullo de 2021 pola que se solicita informe sobre a contrataci3n laboral temporal ou nomeamento interino de docentes para a impartici3n de cursos de formaci3n para o emprego de Informtica e Comunicaci3ns, e se procede, que se inicie o procedemento necesario para dita contrataci3n ou nomeamento.

Visto o informe emitido o 26 de xullo de 2021 polo xefe da rea de Urbanismo e Rxime Interior co conforme do interventor municipal.

En uso das atribuci3ns que me foron conferidas polo seor alcalde segundo a Resoluci3n nm. 1323/2019, do 1 de xullo, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Convocar proceso de selecci3n para a creaci3n dunha relaci3n de candidatos para a contrataci3n laboral temporal ou nomeamento como funcionarios interinos de docentes para a impartici3n de cursos de formaci3n para o emprego de Confecci3n e publicaci3n de pxinas web, Sistemas microinformticos e Seguridade informtica.

**Segundo.-** Aprobar as Bases reguladoras desta convocatoria que a continuaci3n se relacionan:

**BASES DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A CREACI3N DUNHA RELACI3N DE DOCENTES PARA A SA CONTRATACI3N LABORAL TEMPORAL OU O SEU NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO CO FIN DA IMPARTICI3N DE CURSOS DE FORMACI3N PARA O EMPREGO DE ESPECIALIDADES DA FAMILIA PROFESIONAL DE INFORMTICA E COMUNICACI3NS (PLAN AFD) DA XUNTA DE GALICIA OU DE ESPECIALIDADES DA MESMA FAMILIA PROFESIONAL DO PLAN MUNICIPAL DE FORMACI3N PARA O EMPREGO.**

### **PRIMEIRA .- Obxecto da Convocatoria.**

 obxecto desta convocatoria a creaci3n dunha relaci3n de candidatos para a contrataci3n laboral temporal por obra ou servizo determinado ou para o nomeamento de funcionario interino pola execuci3n de programas de carcter temporal, dos expertos docentes necesarios para impartir a formaci3n dos m3dulos que conforman os certificados de profesionalidade de especialidades enmarcadas na familia profesional informtica e comunicaci3ns (plan AFD) da Xunta de Galicia ou especialidades formativas similares da mesma familia impartidas nos Plans Municipais de

## Formación para o Emprego seguintes:

### *Confección e publicación de páxinas Web (IFCD0110)*

- MF0950\_2: Construcción de páxinas web
- MF0951\_2: Integración de compoñentes de software en páxinas web
- MF0952\_2: Publicación de páxinas web

### *Sistemas microinformáticos (IFCT0209).*

- MF0219\_2: Instalación e configuración de sistemas operativos
- MF0220\_2: Implantación dos elementos da rede local
- MF0221\_2: Instalación e configuración de aplicacións informáticas
- MF0222\_2: Aplicacións informáticas

### *Seguridade informática (IFCT0109)*

- MF0486\_3: Seguridade en equipos informáticos
- MF0487\_3: Auditoria de seguridade informática
- MF0488\_3: Xestión de incidentes de seguridade informática
- MF0489\_3: Sistemas de seguros de acceso e transmisión de datos
- MF0490\_3: Xestión de servizos no sistema informático

## A presente convocatoria, réxese polas seguintes disposicións:

- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios da Administración Local.
- Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Orde do Ministerio de Administracións Públicas, APU/1461/2002, de 6 de xuño de 2002, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino.
- Lei 30/84, de 2 de agosto, medidas para a reforma da función pública.
- Decreto 95/1991, regulamento de selección do persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia de 20 de marzo de 1991, e supletoriamente o Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da administración do estado.
- Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratación.
- Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro pola que se regulan os certificados de profesionalidade .
- Real decreto 1675/2010, do 10 de decembro polo que se modifica o RD 34/2008, de 18 de xaneiro polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.
- Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os RD polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.
- Real decreto 1531/2011, de 31 de outubro polo que se establecen doce certificados de profesionalidade da familia profesional Informática e comunicacións que se inclúen no Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade. Modificado polo RD 628/2013, de 29 de agosto.
- Real Decreto 686/2011, de 13 de maio, por el que se establecen seis certificados de profesionalidade da familia profesional Informática e comunicacións que se inclúen en el Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade. Modificado polo RD 628/2013, de 29 de agosto.
- Ordes polas que se establecen as bases reguladoras do procedemento TR301K polo que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia.

## SEGUNDA.- Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o de concurso.

## TERCEIRA .- Descrición dos postos.

Docentes necesarios para impartir o temario dos Módulos Formativos (MF) correspondentes ás Unidades de Competencia dos Certificados de Profesionalidade dos cursos do Plan AFD ou especialidades informáticas similares do Plan Municipal de Formación para o Emprego:

### **Confección e publicación de páxinas Web (IFCD0110)**

- MF0950\_2: Construcción de páxinas web
- MF0951\_2: Integración de compoñentes de software en páxinas web
- MF0952\_2: Publicación de páxinas web

### **Sistemas microinformáticos (IFCT0209)**

- MF0219\_2: Instalación e configuración de sistemas operativos
- MF0220\_2: Implantación dos elementos da rede local
- MF0221\_2: Instalación e configuración de aplicacións informáticas
- MF0222\_2: Aplicacións informáticas

### **Seguridade informática (IFCT0109)**

- MF0486\_3: Seguridade en equipos informáticos
- MF0487\_3: Auditoria de seguridade informática
- MF0488\_3: Xestión de incidentes de seguridade informática
- MF0489\_3: Sistemas de seguros de acceso e transmisión de datos
- MF0490\_3: Xestión de servizos no sistema informático

## CUARTA.- Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitidos no proceso selectivo, os aspirantes terán que reunir os seguintes requisitos:

**4.1.- Nacionalidade:** Ser español ou ter a nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou a de calquera daqueles Estados ós que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no Texto Refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

**4.2.- Idade:** Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

**4.3.- Capacidade profesional:**

**4.3.1.- Confección e publicación de páxinas Web (IFCD0110)** requisitos esixidos para os docentes segundo o establecido no R.D.1531/2011, de 31 de outubro, modificado polo R.D. 628/2013 de 2 de agosto.

**MF0950\_2: Construcción de páxinas web, - MF0951\_2: Integración de compoñentes de software en páxinas web, - MF0952\_2: Publicación de páxinas web:** Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan, máis un ano de experiencia profesional na especialidade. No caso de carecer dunha das titulacións relacionadas neste apartado, deberán acreditar tres anos de experiencia profesional na especialidade:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Técnico Superior da familia profesional de informática e comunicacións
- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de informática e comunicacións, área de Desenvolvemento.

**4.3.2.- Sistemas microinformáticos (IFCT0209);** requisitos esixidos para os docentes segundo o establecido no 686/2011, de 13 de maio, modificado polo R.D. 628/2013 de 2 de agosto.

**MF0219\_2: Instalación e configuración de sistemas operativos, - MF0220\_2: Implantación dos elementos da rede local, - MF0221\_2: Instalación e configuración de aplicacións informáticas, - MF0222\_2: Aplicacións informáticas:** Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan, máis un ano de experiencia profesional na especialidade. No caso de carecer dunha das titulacións relacionadas neste apartado, deberán acreditar tres anos de experiencia profesional na especialidade:

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Técnico Superior da familia profesional de informática e comunicacións.
- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de informática e comunicacións.

**4.3.3.- Seguridade informática (IFCT0109);** requisitos esixidos para os docentes polo R.D. 686/2011, de 13 de maio, modificado polo R.D. 628/2013, de 29 de agosto.

**MF0486\_3: Seguridade en equipos informáticos, - MF0487\_3: Auditoria de seguridade informática, - MF0488\_3: Xestión de incidentes de seguridade informática, - MF0489\_3: Sistemas de seguros de acceso e transmisión de datos, - MF0490\_3: Xestión de servizos no sistema informático:** Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan, máis un ano de experiencia profesional na especialidade nos últimos tres anos.

- Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes
- Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grado correspondente ou outros títulos equivalentes.

#### 4.4.- Competencia docente:

Os docentes deberán estar en posesión do certificado de profesionalidade de Formador Ocupacional ou formación equivalente en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos.

Deste requisito estarán exentos:

- 4.4.1.- Quen estea en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía, ou Mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía, ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgrado nos citados ámbitos.
- 4.4.2.- Quen posúa unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo estará exento quen acredite a posesión do Master Universitario habilitante para o exercicio das profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas.
- 4.4.3.- Quen acredite unha experiencia docente contrastada de alomenos 600 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

**4.5.- Capacidade funcional:** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das tarefas do posto.

**4.6.- Habilitación:** Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e conservaranse, cando menos, ata a data de nomeamento.

#### QUINTA .- Solicitudes.

As solicitudes (segundo o modelo publicado) presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste concello no prazo de 7 días hábiles a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria nun dos xornais de principal difusión da

provincia. Anuncio que será publicado igualmente, xunto coas bases desta convocatoria, na páxina web do Concello de Cambre: [www.cambre.org](http://www.cambre.org), e nos taboleiros de anuncios do concello.

As solicitudes poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 16-4 e 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas que desexen tomar parte no proceso de selección deberán facelo constar en solicitude dirixida ao Alcalde do Concello de Cambre, na que farán constar que reúnen todos os requisitos sinalados na base cuarta anterior, e á que deberán unir os documentos acreditativos dos méritos que aleguen.

Se a solicitude preséntase de maneira presencial no Rexistro municipal, os documentos acreditativos dos méritos deberán presentarse en orixinal ou en copia compulsada para a súa dixitalización, de conformidade co artigo 16-5 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Igualmente teranse que presentar en orixinal ou copia compulsada os documentos que se presenten de maneira presencial, a través das outras oficinas relacionadas no artigo 16-4 da Lei 39/2015 indicada, ben para a súa dixitalización ou ben para a súa directa remisión se carecen de rexistro electrónico.

Os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/excluídos que será publicada nos taboleiros de edictos deste Concello e na páxina web municipal, concedendo o prazo de dous días para reclamacións. Ditas reclamacións, se has houbera, resolveranse polo mesmo órgano que aprobou a lista provisional a través de resolución pola que se aprobará a lista definitiva. Se non houbera reclamacións, a anterior lista será considerada definitiva. Esta resolución igualmente publicarase nos Taboleiros de Edictos do Concello e na paxina web municipal.

#### **SEXTA.- Dereitos de inscrición.**

50 (cincuenta) euros, segundo o establecido na ordenanza fiscal número 6. Contarán cunha redución do 50% os aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante alomenos seis meses antes da data desta convocatoria, feito que deberán xustificar mediante certificado de períodos de inscrición emitido polo Servicio Público de Emprego ou autorización expresa para a súa comprobación.

O pago realizarase preferiblemente mediante transferencia bancaria no IBAN: E13 0049 3063 3721 1400 3540, debendo indicar na descrición da transferencia o DNI/NIE con nome e apelidos do solicitante, o proceso selectivo ao que se presenta e o nome do Concello de Cambre como beneficiario, ou ben directamente na Tesourería municipal ou por xiro postal ou telegráfico dirixido á mesma.

#### **SÉPTIMA - Documentación a xuntar ás solicitudes.**

Os/as interesados/as en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar na solicitude, segundo o modelo oficial que será facilitado nas dependencias municipais ou na web municipal e o xustificante acreditativo do pagamento de taxas para participar no proceso selectivo. Achegarase a seguinte documentación orixinal ou debidamente compulsada, ordenada da seguinte maneira:

- 7.1. - Fotocopia do DNI ou acreditación do requisito da nacionalidade e idade (base 4.1, e 4.2).
- 7.2. - Curriculum vitae
- 7.3. - Fotocopia cotexada da titulación ou titulacións académicas. (bases 4.3 e 8.1 )

- 7.4. - Acreditación da competencia docente (base 4.4)
- 7.5. - Acreditación da formación recibida ordenada por data.(base 8.2)
- 7.6. - Acreditación da experiencia profesional (bases 4.3 e 8.3) ordenada por data.
- 7.7. - Acreditación da experiencia docente (bases 4.3 e 8.4) ordenada por data.
- 7.8. – Acreditación de coñecemento de galego (base 8.5).

#### **OITAVA .- Desenvolvemento do concurso.**

O proceso selectivo consistirá nunha valoración dos méritos achegados, de acordo co baremo establecido a continuación. A puntuación final do proceso estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas no concurso.

Nos cursos conducentes a certificados de profesionalidade, o docente deberá ser autorizado pola xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade ou a que teña a competencia en materia de formación para o emprego en cada momento. No caso de que non fora autorizado o candidato/a seleccionado/a, este non poderá ser contratado ou nomeado como funcionario interino. Neste caso, proporase como candidato ó que obtivese a maior puntuación despois do primeiro candidato proposto e así sucesivamente.

Non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Os méritos que se valorarán e a súa correspondente puntuación, serán os seguintes:

##### **8.1.- Titulación académica:** (ata un máximo de 1 punto)

- Por contar cunha titulación académica a maiores das esixidas polo certificado de profesionalidade (base 3.3), que estea directamente relacionada co módulo formativo ó que opta. 1 punto.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión da persoa aspirante.

##### **8.2.- Formación recibida:** (ata un máximo de 2 puntos)

Cursos de especialización sobre as materias directamente relacionadas con cada módulo formativo ó que opta, e impartidos por Administracións Públicas ou organismos dependentes das mesmas, así como organizacións empresariais, sindicais ou profesionais. Valoraranse da seguinte forma: Por cada hora de formación recibida 0'001 puntos. Non se valorarán xornadas, congresos e simposios.

Para xustificar a formación realizada, deberán presentar títulos orixinais ou fotocopias cotexadas que reflectan a entidade que o imparte, o número de horas, e o contido da formación. Se non se indican as horas de duración a puntuación que se outorgará será de 0,001 puntos por curso.

##### **8.3.- Experiencia Profesional:** (ata un máximo de 4 puntos).

Por cada mes de traballo nas especialidades de publicación e confección de páxinas web, sistemas microinformáticos e seguridade informática ou similares, a partir do mínimo esixido (base 3.3): 0'1 puntos por mes, ata un máximo de 4 puntos.

Para xustificar a experiencia laboral, deberán presentar o informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto coa documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funcións desenvolvidas (nóminas, contratos, certificación da empresa, etc.). No caso de traballo por conta propia, ademais do informe de vida laboral deberán presentar, alta no IAE (só no caso de que non veña indicado o epígrafe na vida laboral), contrato de servizos, etc.

So se terá en conta para a baremación os días cotizados á Seguridade Social reflectidos no informe de vida laboral.

#### **8.4.- Experiencia Docente:** (ata un máximo de 6 puntos)

8.4.1.- Por cada mes de formación impartida das especialidades de; confección e publicación de páxinas web, sistemas microinformáticos, seguridade informática ou similares relacionados co ámbito da informática, na formación regulada ou ocupacional dos plans FIP, AFD, Obradoiros de Emprego ou similares: 0´1 puntos por cada mes, ata un máximo de 4 puntos.

8.4.2.- Por cada mes de formación impartida das especialidades de confección e publicación de páxinas web, sistemas microinformáticos, seguridade informática ou similares relacionados co ámbito da informática, fóra da formación regulada ou ocupacional dos plans FIP e AFD, Obradoiros de Emprego ou similares: 0´05 puntos por cada mes, ata un máximo de 2 puntos.

Para xustificar a experiencia laboral, deberán presentar o informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto coa documentación acreditativa que acredite a formación impartida (denominación da formación, horas e datas): contratos, certificación da empresa, etc. No caso de traballo por conta propia, ademais do anterior deberán presentar, alta no IAE (só no caso de que non veña indicado o epígrafe na vida laboral), contrato de servizos, etc.

So se terá en conta para a baremación os días cotizados á Seguridade Social reflectidos no informe de vida laboral.

Non se avaliará neste apartado o tempo de docencia que fose acreditado para xustificar a competencia docente, no caso de que esta supla á cualificación requirida. (base 4ª punto 4.4)

#### **8.5.- Coñecemento do Galego:**

- Certificado de aptitude de lingua galega oral ou Celga 1: 0,10 puntos.
- Celga 2: 0,20 puntos.
- Curso de iniciación ou Celga 3: 0,30 puntos.
- Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,50 puntos.
- Curso linguaxe administrativa galega, nivel medio: 0,75 puntos.
- Curso linguaxe administrativa galega, nivel superior: 1,00 punto.

#### **NOVENA.- Cualificación do concurso.**

A cualificación final do concurso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración dos méritos alegados.

No caso de producirse un empate de puntuación entre os aspirantes, resolverase por este orde de prioridade:

- a.- Ter maior experiencia como docente dos certificados de profesionalidade ao que opta.
- b.- Ter maior experiencia profesional no ámbito da informática
- c.- Ter realizada máis formación relacionada directamente cos certificados de profesionalidade.

Unha vez realizada a valoración de méritos, o seu resultado expoñerase nos taboleiros de anuncios municipais e na páxina web do Concello de Cambre.

#### **DÉCIMA.- Tribunal Cualificador.**

Con arreglo aos principios de imparcialidade e profesionalidade e de conformidade cos artigos 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015 e 59 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, o Tribunal estará constituído por 5 membros, funcionarios de carreira ou persoal

laboral fixo das Administracións Públicas, que deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo. O tribunal estará constituído por un presidente, secretario e tres vocais e a designación nominal dos mesmos e dos seus suplentes realizarase a través da resolución municipal que aprobe a lista provisional de admitidos/excluídos a este proceso selectivo e será publicada ca mesma.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

Os membros do tribunal están suxeitos ó disposto no artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público sobre causas de abstención e recusación, e aos dereitos por indemnización por asistencia do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Relación de candidatos para nomeamentos de docentes de especialidades informáticas e comunicacións.**

A lista coa totalidade dos admitidos ao concurso e coa puntuación acadada no conxunto do mesmo, quedará para poder ser utilizada para nomeamentos como funcionarios interinos ou para a contratación laboral temporal de docentes para a impartición de cursos de formación de especialidades do ámbito informático e comunicacións.

Esta relación confeccionada por orde de puntuación de maior a menor publicárase na paxina web municipal e no taboleiro de anuncios municipal e poderá ser utilizada, respectando sempre a orde de puntuación, ata que se confeccione unha nova lista, tendo en todo caso unha duración máxima de cinco anos contados a partir da publicación da mesma na páxina web municipal.

Os chamamentos faranse polo medio mais axil que permita ter constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto fora urxente, o chamamento poderá realizarse telefónicamente. Nestes supostos o funcionario que o realice fará constar mediante dilixencia a realización do mesmo, e se tivo ou non resposta. Os integrantes da relación serán responsables de manter actualizados os seus datos de contacto, comunicando calquera cambio de correo electrónico e/ou teléfono dos facilitados na solicitude.

Cando un dos aspirantes incluídos na relación fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de servizo recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado para un novo nomeamento. Cando un dos aspirantes non acepte un chamamento, pasará ao último lugar da relación de candidatos e unicamente voltará a ser chamado cando fosen chamados tódolos restantes aspirantes da relación, salvo que nese momento poida acreditar que se atopa de baixa médica, embarazo, descanso por nacemento e coidado de menor, ou enfermidade grave dun familiar ata o segundo grado onde poderá manter o seu posto na lista, previa xustificación da circunstancia na que se atopa.

O aspirante chamado para o servizo deberá presentar os documentos que se relacionan na Base seguinte no prazo de 3 días contado a partir do chamamento.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Presentación de documentos.**

Os aspirantes chamados deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Cambre no prazo indicado na Base anterior os documentos que seguidamente se relacionan:

- a) Fotocopia do seu documento nacional de identidade, que se deberá presentar co orixinal para compulsar.



- b) Fotocopia do título esixido que debe acompañar do seu orixinal para ser debidamente compulsado, ou, no seu defecto, o xustificante de ter abonado os dereitos para a súa expedición. Se estes documentos estiveran expedidos despois da data de remate do prazo de presentación das solicitudes de admisión ao proceso selectivo, deberán xustificar debidamente o momento de remate dos estudos correspondentes.
- c) Declaración xurada de que non foi separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin de atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- e) Certificación oficial acreditativa de posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes tarefas ou funcións.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Os que dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presenten a súa documentación ou non reúnan os requisitos esixidos non poderán ser nomeados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puideran incurrir por falsidade na súa instancia solicitando participar no proceso selectivo. Neste caso, igual que para a renuncia, será proposto para o seu nomeamento ou contratación o seguinte aspirante por estrita orde de puntuación da lista de candidatos para nomeamentos interinos ou contratos laborales temporales.

No caso de que o Departamento Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria non autorizase como docente ó candidato chamado, este non poderá ser contratado. Neste caso, proporase como candidato ao que obtivese a maior puntuación despois do primeiro candidato proposto e así sucesivamente.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Contratación ou nomeamento e toma de posesión.**

O aspirante chamado que presente a documentación preceptiva será contratado laboralmente ou nomeado funcionario interino polo Presidente da Corporación ou Concelleiro delegado, e deberá tomar posesión ou asinar o contrato laboral no prazo de dous días contados dende o día seguinte ó que se lle notifique o citado nomeamento. Quedará en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixera dentro do prazo sinalado.

#### **DÉCIMO CUARTA.- Incidencias.**

O Tribunal Cualificador queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a bo desenvolvemento do concurso en todo o non previsto nestas bases.

#### **DÉCIMO QUINTA.- Impugnación**

Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as aprobou ou directamente ante a Xurisdicción Contencioso Administrativa, de conformidade cos artigos 112 e 113 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á da publicación deste acto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

A concelleira delegada

María Dolores Pan Lesta

Dou fe

A secretaria xeral

María Luisa de la Red Ampudia